



## PRESENTACIÓN UNIDADE DIDÁCTICA

Bo día, O vindeiro martes día 16 de marzo ás 20 horas na Galería Sargadelos de Pontevedra a Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra ten o prazér de convidar ao profesorado dos centros de ensino da comarca á presentación do material didáctico: A Ría de Pontevedra Unha ferramenta de transmisión de coñecementos, hábitos e actitudes de conservación e sustentabilidade do medio que nos rodea. O Obxectivo é sensibilizar mediomabientalmente ás novas xeracións e contribuir á extensión dunha conciencia cidadá que actúe guiada pola idea do desenvolvemento sustentábel como modelo de xestión da nosa sociedade.

A Unidade Didáctica foi elaborada para o terceiro ciclo de primaria, mais podería ser usada, ben na súa totalidade, ben parcialmente, no primeiro ciclo de secundaria. O material gráfico consta dunha carpeta persoal que inclúe:

- Guía didáctica para o profesorado
- Caderno de Observacións e Actividades
- Caderno de Estudo

A unidade complétase cun DVD didáctico de orientación curricular máis ampla que leva o nome de: Futuro para a Ría de Pontevedra e cunha Guía do Roteiro arqueolóxico dos Sete Camiños.

Repartirase o material os profesores o día da presentación, aqueles que non poidan asistir poden poñerse en contacto coa asociación a través do correo-e: [apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info) ou do telf.: 635 632 607.